

Despois do seu último longametraxe documental, sobre a relación da xente de Vilagarcía de Arousa co mar a través de cinco historias, a asociación O Faiado da Memoria do director gondomareño de nacemento, Antonio Caeiro, retoman a procura de financiación por medio do "crowdfunding" ou micro-achegas, para poder rematar o documental sobre "os nove de Baredo", un dos episodios máis cruentos da guerra de exterminio da posguerra.

O documental precisa do finanzamento para culminar a parte de postprodución de vídeo e audio.

Baredo, 15 de outubro, 1936

Nos últimos anos diversas achegas historiográficas teñen posto de manifesto a dureza dos anos da guerra no noso país. Desmontaron estes traballos a falaz visión de que en Galicia non houbera guerra por quedar dende moi cedo baixo control dos militares sublevados.

Se ben é certo que en Galicia non houbo frontes no senso militar si houbo unha sanguenta guerra na que se procedeu á eliminación sistemática dos dirixentes e membros dos partidos democráticos.

O historiador Juan A. González Pérez deu conta do suceso en 1998 no seu traballo "Nigrán. Memoria dunha guerra 1936-1939" que aínda que circunscrito ao concello de Nigrán, deita información diversa sobre os outros dous concellos miñoranos: Gondomar e Baiona.

Un dos episodios máis sanguentos desta guerra de exterminio foi o que aconteceu no amencer do 16 de outubro de 1936 na coñecida como Ensenada da Bombardeira, no quilometro 58 da estrada Pontevedra - Camposancos, e dende o tráxico suceso coñecida popularmente como "A Volta dos Nove".

O terror no Val Miñor foi enorme, os asasinatos moitos e a historia da represión nos anos da guerra está por contar. Nalgúns casos é ben coñecida, mesmo está redactada pero sen publicar, polos hipotéticos enfados que provocaría nalgunhas familias ou sectores políticos.

Van alá xa case oitenta anos dos feitos, deles trinta e cinco de democracia, e aínda non se pode falar con tranquilidade e distancia duns feitos terribles contra dos que só nos podemos vacinar se se poñen sobre a mesa, non para reclamar nada senón para curar as feridas dunha vez e sobre todo para que non volvan a producirse.
Non se trata de falar dos nove para molestar a ninguén senón simplemente de devolverlle a dignidade á nove persoas, vexadas, humilladas e asasinadas impunemente.Vinganza era o que buscaban os asasinos naquela triste madrugada.

O desencadeante do asasinato foi a persecución de dous dirixentes da sociedade labrega de Sabarís: Luís López Luís e José López Luís. Irmáns, fillos de Inés Luís Mosquera e de Luís López Martínez. Pola nai eran coñecidos cono Os de Inés ou Os Ineses.

Tiñan unha pequena explotación agraria preto da presa de Baíña, mesmo fronte aos espléndidos petroglifos de Outeiro dos Lameiros.

Os dous irmáns, Luís de 46 anos e José de 41, estiveran en América e regresaran con ideas progresistas e ecoloxistas. Eran vexetarianos e un deles impartía clase de esperanto aos labregos. O maior de ideoloxía socialista, o máis novo, anarquista. Ao trunfar o golpe militar agocháronse en varios lugares ata que decidiron esconderse na casa dun señor maior e cego, Ventura Pérez, coidado por Dolores Samuelle Álvarez, coñecida como Perfecta.

As pescudas dos falanxistas, inspiradas polo tristemente celebre Cabo Pena, comandante do posto da garda Civil de Baiona, tiveron éxito e as sospeitas de que alí estaban os Ineses fóronse confirmando porque Perfecta levaba moito pan e o periódico que non podía ser para o cego nin para ela que non sabía ler.

O cabo Pena e o falanxista Refojo entraron na casa e toparon aos dous irmáns. Un deles disparou e feriu ao Refojo, morreu dous días despois. A Pepe matárono nunha viña preto da casa e a Luís contra a tapia do camposanto de Sabarís. Os falanxistas mataron tamén á señora Perfecta, de 71 anos, e para humillala enterrárona entre os dous irmáns nunha foxa á beira do cemiterio.

A morte de Refojo desencadeou as ansias de vinganza de Sebastián Pena e os seus matachíns. Desprazáronse a Vigo, primeiro á cadea, alí non lle deixaron coller a ninguén, logo foron ao frontón que servía tamén de cadea.

Meteron nove homes nunha camioneta e dirixironse cara a Baiona. Era na noite do 15 de outubro, sobre a unha da madrugada.Os nove homes eran:

- Manuel Aballe Domínguez, mariñeiro de Panxón, de 41 anos. Fillo de Modesto Aballe Macaya e de Benita Domínguez Salgueiro. Casado con Antonia Rial Veiro, deixou dous fillos menores: Eugenio e Víctor.
- Felicisimo Antonio Pérez Pérez, mariñeiro de Panxón, 44 anos. Fillo de Antonio Pérez Domínguez e de Rosa Pérez. Casado, sen fillos.
- Elías Alejandro Gonda Alonso "O Ghonda", labrador, de 36 anos, veciño de Santa Cristina da Ramallosa. Fillo de Ascensión Gonda Alonso. Casado cunha moza de Sabarís, Angelina Veiga Ríos, deixou tres fillos menores: Isabel, Carmen e Manuel.
- Manuel Francisco Lijó Pérez "O Lijó" de 34 anos, natural de Corrubedo (Ribeira) aínda que vivía e traballaba como mariñeiro no barrio do Burgo (Baíña). Fillo de Francisco Lijó Oliveira e de Ramona Pérez Gonda, estaba casado con Eugenia Mijón Durán, veciña de Baiona. Deixaría orfos a cinco fillos menores de idade: Mercedes, Manuela, Maximino, Oto e máis Eva.
- Modesto Fernández Rodríguez "O Rei Chiquito", 47 anos, mariñeiro, veciño de Panxón, fillo de José Fernández e Dolores Rodríguez. Traballaba como mariñeiro. Do seu matrimonio con Rosalía Rodríguez Iglesias deixaría seis fillos menores: Gloria, Lidia, Juan, Enriqueta, Jaime e Álvaro.
- Fidel Leyenda Rodríguez, de 51 anos, mariñeiro de Baiona. Fillo de Eulogio Leyenda Álvarez e de Vicenta Rodríguez Míguez. Casado con Sofía Vieites Penedo, de Baíña, non

deixaba fillos.

- José Rodríguez González, "O Pelonio". Fillo de Rufina Rodríguez González. Veciño da Porta da Vila en Baiona. Tiña 45 anos Este mariñeiro deixaría viúva a Clementina Freire Mosquera, de 43 anos, e orfos a Rogelio, Manuel, José, Melitón e África.
- Manuel Barbosa Durán, "O Ferreiro do Burgo". O máis novo dos asasinados na "Curva dos Nove", tan só contaba con 30 anos de idade. Mecánico, natural de Baíña, foi vivir a Panxón tras o seu matrimonio con Julia Sanjuan García. Deixaría seis fillos orfos. Os seus pais Alfredo Barbosa e Isabel Durán Álvarez.
- Generoso Valverde Iglesias, fillo de Fermín e Constantina. Tamén traballaba como mariñeiro e contaba, cando segaron a súa vida, 37 anos de idade. Natural e veciño de Panxón, casado con Aurelia Rodríguez Cabral, deixou seis fillos, todos eles menores: Generoso, José, Germán, Vicente, Elodia e Constante.

Baixaron un a un da camioneta. Era de noite, case as tres da madrugada. Escoitábase o bater do mar e os berros amedrentadores dos falanxistas e do Cabo Pena: "todos abajo". Un a un fóronos matando. Os mariñeiros que regresaban a porto foron os primeiros en dar a noticia.

Os falanxistas guindaron os cadáveres na camioneta e leváronos ao cemiterio de Baiona. Nunha foxa común, uns enriba dos outros, foron soterrados. A vinganza estaba cumprida. Segundo se pode ler no libro de defuncións do Xulgado de Baiona. A causa das nove mortes foi: "por hemorragia cerebral o torácica".Nada máis se soubo.

Máis o triste episodio quedou na memoria das xentes da comarca durante moitos anos. O acontecemento seguiu vivo ata os últimos anos cincuenta ou primeiros sesenta. Durante todos eses anos aparecerían nove cruces gravadas na terra, na curva onde caeron os corpos sen vida. Un longo trazo horizontal era rapidamente riscado por nove verticais. Os falanxistas a borralas e as cruces a aparecer, nas horas seguintes ou poucos días despois. Que se saiba non houbo detidos pero o enfado das novas autoridades era moito.

Cada día, mes, ano... o risco era máis fondo.

A memoria colectiva

Na memoria do acontecido, e na memoria de todos os mortos pola liberdade, o 15 de outubro

de 2005 o Instituto de Estudos Miñoranos ergueu un pequeno bosque-escultura do artista Fernando Casás: 45 loureiros (a árbore dos heroes) circundan unha árbore tronzada, como degolada, fundida en bronce, memoria das nove voces caladas naquela data, representación de todas as voces caladas pola represión.

Meu deus, como o tempo passa
Dizemos de quando em quando
Ao final, o tempo fica
A gente é que vai passando

Di a letra do fado de João De Freitas cantado por Argentina Santos nos créditos dos documental fundidos nas imaxes das persoas entrevistadas.

Un último impulso económico para facer efectivo o documental de "A volta dos nove"

A Asociación Faiado da Memoria lanzou fai 20 días a campaña de micro-achegas na rede para recadar os 1200€ euros solicitados inicialmente para os custes técnicos do proxecto iniciado en 2006. Ainda que este orzamento a día de hoxe xa queda un pouco escaso, o director gondomareño mantense firme en levar a diante o proxecto coa colaboración dos e das persoas interesadas.

As recompensas pola aportación.

As aportacións van dende os 5€, con dereito a figurar nos créditos do documental, até os 30€ que incluiría a maiores os convites para a estrea e copias en DVD do traballo final.

O día de reis será o último día desta campaña.

O sistema é simple, accedendo a páxina web de Verkami (http://www.verkami.com/projects/7186-a-volta-dos-nove) as persoas interesadas elexen a cantidade que desexan aportar ao proxecto e só teñen que seguir os pasos indicados pola web.

Para a xente reticente a manexarse con internet, habilitáronse dous números de conta de La Caixa: 2100 1785 48 0100464434 e o Banco Gallego Sabadell: 0046 0007 18 1000000515

No iframes supported

{vimeo}79727513{/vimeo}